

## TESE ORGANIZATIVA

### INTRODUCCIÓN

Temos dito e recolleemos aquí:

*“A creba entre as forzas políticas, as necesidades do cidadáns e os movementos sociais e as súas demandas, é a orixe da crise dos partidos tradicionais e foi unha das razóns explícitas do nacemento do BNG no 1.982. A resposta do pobo galego ao fracaso das receitas políticas importadas foi a creación dun modelo xenuíno que se adiantou vinte anos ás formas organizativas que hoxe son a vangarda da loita contra o imperialismo.*

*Porén esta funcionalidade do BNG como ponte entre os movementos sociais e a instancia política hai tempo que está en crise e é de difícil ou mesmo de dubidosa reparación.*

*Así por tanto, a responsabilidade de CREAR UN REFERENTE POLÍTICO E SOCIAL DEMOCRÁTICO novo, que comprenda esta análise e a centralice na Galiza e na relación entre Galiza e o mundo, faise máis que nunca imprescindible. Todo isto xustifica o pilar fundamental, constitutivo e vertebrador da participación e do compromiso, que teñen que ser os eixos desta nova (re)volta política e social que ten que promover o Encontro Irmandiño dentro e/ou fora do BNG.*

*O Encontro Irmandiño debe propoñer políticas cara a sociedade e os movementos sociais ... Compre reconstruír ou crear o motor de ideas para o nacionalismo e para a sociedade, comezando por actualizar a diagnose sobre o noso País identificando aos segmentos sociais e clases que hoxe constitúen o suxeito transformador cara a liberación nacional e social de Galiza e sobre esa base construír un consenso de acción política entre todos nós e cos movementos sociais”.*

Debemos pois establecer órganos, sistemas e mecanismos que permitan esas funcións, evitando as dexeneracións que vimos sinalando como propias do partido clásico: ruptura dos vencellos coa sociedade á que se deben, reprodución manierista de políticas, simplismo nas análises, desconfianza dos movementos sociais, xustificación en si mesmo, falla de lexitimidade interna por déficit de democracia directa, burocratismo e cooptación, etc...

# PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS E ESTATUTOS DO ENCONTRO IRMANDIÑO

## PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

O Encontro Irmandiño trata de reproducir no seu seo a sociedade que pretendemos construír. As relacións entre as persoas integrantes réxense pola fraternidade, cooperación, liberdade, democracia participativa e igualitarismo.

### 1. FRATERNIDADE, IGUALITARISMO.

A fraternidade significa politicamente o principio da cidadanía igualitaria como alicerce e centro de gravidade da estruturación política democrática da sociedade, significa democracia horizontal. Para o Encontro Irmandiño a fraternidade é, cara fora, a bandeira e guía do traballo político; dentro significa igualdade de dereitos e deberes dos seus membros e respecto e colaboración mutua.

### 2. DEMOCRACIA PARTICIPATIVA E ASEMBLEARISMO.

O E.I., como organización plural, aberta e participativa, basea o seu funcionamento nas decisións asemblearias. As coordinadoras e os/as responsábeis non teñen outro carácter que o de mandatarios/as dos plenarios ou asembleas e polo tanto, poden ser revocados polo seu electorado en calquera momento.

### 3. DEMOCRACIA PARTICIPATIVA

A democracia participativa é a única forma de toma de decisións compatíbel cos obxectivos do E.I., e na acción política, é o xeito preferente de intervención e participación. A acción institucional, baseada no actual marco xurídico-político na democracia representativa, é para nós instrumental e propoñémonos transcendela en todo o posíbel promovendo unha auténtica participación cidadá.

### 4.. MAIORÍAS E MINORÍAS. ACORDOS E CONSENSO.

As decisións e acordos do E.I. procurarán sempre o consenso e decídense por maiorías nos diferentes ámbitos. Na acción institucional serán vinculantes. Na acción social, serán so orientacións. Os irmandiños e as irmandiñas terán autonomía para modular os acordos do E.I. á realidade dos movementos sociais nos que interveñan.

### 5. ESTRUTURACIÓN TERRITORIAL.

O Encontro Irmandiño é a unión de todas as irmandades comarcais que o integran. Atendendo ao número de militantes tamén poderán constituírse irmandades locais. Para a intervención sectorial poderán constituírse grupos de traballo nos diferentes niveis.

# ESTATUTOS

## 1. DEFINIÇÃO E OBXECTIVOS

### 1.1.- A NOSA DEFINIÇÃO

1.1.1.- O Encontro Irmandiño é un movemento político de cidadás e cidadáns que asume a forma legal de partido político.

### 1.2.- OS NOSOS OBXECTIVOS

1.2.1.- O EI comprométese coa defensa afoutada dos dereitos nacionais de Galiza, o seu dereito inalienábel á autodeterminación, coa liberdade e coa a busca de alternativas ao capitalismo. Manifestámonos a prol dun mundo ecoloxicamente sustentábel. Combateremos todas as formas de exclusión por razón de xénero, de raza, de ideas, de opinión, de condición social, de orientación sexual ou de idade.

1.2.2.- O EI defende e promove unha cultura cívica de participación e de acción política democrática como garantía de transformación social, e a perspectiva do socialismo como expresión da loita da Humanidade pola súa emancipación contra a explotación e a opresión.

## 2. DA INTEGRACIÓN. DEBERES E OBRIGAS DOS MEMBROS

### 2.1.- DA INTEGRACIÓN

2.1.1.- A integración no Encontro Irmandiño é individual. Poderán integrarse todas as persoas que mostren compartir os nosos principios político-organizativos.

2.1.2.- A integración, previa presentación por dúas persoas afiliadas, será decidida pola Irmandade correspondente. No caso de que unha nova incorporación ocasione discrepancias nunha irmandade, a decisión será tomada pola Coordinadora Nacional.

### 2.2.- DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS

2.2.1. Son dereitos das persoas militantes do Encontro Irmandiño:

- a) Expresar libremente as súas opinións políticas nos debates e constituír tendencia na discrepancia.
- b) Participar na toma de decisións e na actividade política do E.I.
- c) Participar na elección e optar a todas as responsabilidades, dentro do E.I.
- d) Recibir información e facer propostas ás irmandades ou ao Encontro para a súa toma en consideración.
- e) Ser previamente ouvida no caso de se opoñer a sancións disciplinarias contra ela e recorrer as sancións diante do Pleno da Asemblea do Encontro. As sancións so poderán ser impostas pola Coordinadora Nacional a proposta dunha Irmande ou de oficio, e consistirán en apercibimento, separación temporal ou definitiva.
- f) Recibir apoio solidario do Encontro en todos os problemas derivados da pertenza ao mesmo.

2.2.2. Son deberes dos e das integrantes do Encontro Irmandiño:

- a) Actuar conforme aos principios políticos e estatutarios do E.I.
- b) Contribuír na medida das súas posibilidades á definición e aplicación da liña política do E.I.
- c) Irradiar no seu ámbito social a ética e os principios políticos do Encontro.
- d) Respectar os acordos maioritarios
- e) Contribuír ao sustento económico da organización segundo o que estipulen os acordos de desenvolvemento regulamentario ao respecto.

### **3. DOS ÓRGANOS E DA TOMA DE DECISIÓN**

#### **3.1.- SON ÓRGANOS DO ENCONTRO IRMANDIÑO**

3.1.1.- Son órganos de decisión política do EI a Asemblea Nacional, as Irmandades, a Coordinadora Nacional, as persoas Comisionadas Permanentes e a Comisión de Dereitos e Garantías.

3.1.2.- Son órganos deliberantes e propositivos as Comisións de Traballo

3.1.3.- Todos os órganos do EI son colexiados.

#### **3.2.- DA ASEMBLEA NACIONAL**

3.2.1.- A Asemblea Nacional en Pleno é o órgano máximo do Encontro Irmandiño. Está composto por todos os membros das irmandades integradas e reunirse con periodicidade máxima bianual. A participación é persoal e indelegábel.

3.2.2.- A Coordinadora Nacional poderá acordar o uso dos instrumentos das TIC para realizar consultas á militancia e para axudar á celebración da Asemblea, garantindo a participación persoal e directa de todas e todos.

3.2.3.- Poderán asistir ás asembleas persoas colaboradoras e simpatizantes con voz pero sen voto do xeito que se regule para cada convocatoria.

3.2.4.- Corresponde á Asemblea en Pleno definir a liña política, a aprobación ou modificacións dos estatutos, a política de alianzas e cooperación con movementos políticos e sociais, así como a resolución última de recursos contra decisións disciplinarias.

3.2.5.- As decisións da Asemblea tómanse por maioría dos/as presentes salvo para a modificación dos Principios e dos Estatutos para o que se require unha maioría cualificada de dous terzos.

#### **3.3.- DAS IRMANDADES.**

3.3.1.- As Irmandades poderán ser comarcais ou locais e estarán integradas polo conxunto de todos os afiliados e afiliadas dese ámbito.

3.3.2.- As Irmandades deberán irradiar no seu ámbito social a ética e os principios políticos do Encontro. Deberán ter iniciativa local e nacional trasladando propostas e iniciativas aos órganos nacionais do EI e aplicarán a política decidida polo mesmos.

3.3.2.- Cada Irmandade Comarcal ou Local reunirse con periodicidade mínima bimensual, poderá elixir para atender as cuestións urxentes, unha coordinadora comarcal e designará unha persoa representante para integrarse na Coordinadora Nacional.

3.3.3.- As Irmandades Locais constituiranse cando o número de integrantes e a dinámica política da localidade así o aconselle. A nova irmandade local constituída informará á comarca de referencia que, á súa vez, o trasladará á Coordinadora Nacional.

### **3.4. DA COORDINADORA NACIONAL**

3.4.1.- A Coordinadora Nacional está formada polas persoas representantes de cada Irmandade Comarcal constituída e polos membros elixidos directamente polo Pleno da Asemblea Nacional que cada ano fixará o número garantindo que sempre sexa superior á representación comarcal e a diferenza de xénero máxima do 60%-40%.

3.4.2. - A Coordinadora Nacional é o órgano máximo entre asembleas e terá todas as competencias desta agás a modificación dos Principios e dos Estatutos.

### **3.5. DOS/AS COMISIONADOS/AS PERMANENTES**

3.5.1.- De entre as persoas elixidas polo Pleno da Asemblea, a Coordinadora Nacional elixirá cando menos portavoz, responsábeis de organización, de feminismo, formación e tesouraría para o mantemento da vida cotián da organización a xeito de permanente. A Coordinadora Nacional poderá acordar máis comisionados en función das necesidades que considere atender.

3.5.2.- Os/as comisionados/as renderán conta de todo o realizado no exercicio das súas funcións na primeira xuntanza ordinaria da CN.

### **3.6. DA COMISIÓN DE DEREITOS E GARANTÍAS**

3.6.1.- Para garantir o respecto destes estatutos créase a Comisión de Dereitos integrada por tres persoas e será elixida na Asemblea Nacional para o período entre asembleas.

3.6.2.- Son competencias da Comisión de Dereitos

- a) Velar pola aplicación dos Estatutos a todos os niveis da organización.
- b) Apreciar e emitir parecer previo sobre as contas da actividade do Encontro
- c) Analisar e deliberar sobre conflitos relacionados co cumprimento en materia estatutaria.
- d) Deliberar e propoñer resolución sobre os recursos internos en materia do apartado 2.

### **3.7. DOS GRUPOS DE TRABALLO**

3.7.1.- Os Grupos de Traballo constitúense por decisión de un ou varios órganos do Encontro para o estudo, debate e elaboración de políticas e recomendacións en torno de temas específicos ou sectoriais, e terán carácter temporal ou permanente.

3.7.2.- Terán carácter de comisión permanente as de Mocidade, Feminismo e Territorio e medio ambiente,

3.7.3.- Os grupos de traballo son peza fundamental na cooperación e relación do EI con movementos sociais.

3.7.4.- Nas actividades dos grupos de traballo procurarase a participación de persoas non afiliadas.